



XUNTA
DE GALICIA

CEIP. VIRXE DO ROCÍO

O RESÍO

CÓD. 36010009

PLAN XERAL

DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Actualizado: Xaneiro 2023



ÍNDICE

1.	Xustificación	3
2.	Identificación e valoración das necesidades	4
3.	Obxectivos	6
4.	Actuacións, medidas e/ou programas de atención á diversidade ...	7
	4.1. Actuacións	8
	4.2. Medidas	9
	4.3. Medidas preventivas	9
	4.4. Medidas ordinarias	12
	4.5. Medidas extraordinarias	17
	4.6. Medidas de atención á diversidade a nivel de aula.	26
	4.7. Medidas de atención á diversidade a nivel de aula.	27
5.	Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas	28
6.	Actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas polo centro	29
7.	Mecanismos de coordinación e colaboración internos	30
8.	Canles de colaboración coas familias e cos diferentes servizos externos ao centro	30
9.	Protocolos para solicitudes/ou autorización das medidas extraordinarias	31
10.	Seguimento, avaliación e mellora do plan	33
11.	Lexislación	33
12.	Aprobación.....	33



1. XUSTIFICACIÓN.

Educar na diversidade conleva ensinar a cada alumno/a atendendo as súas características e necesidades, establecer todos os mecanismos e utilizar todos os recursos posibles que permitan o acceso ó currículo á totalidade do alumnado, dando as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais e recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes implicando a toda a comunidade educativa. A atención á diversidade debe contemplar actuacións para todo o alumnado, non só para aquel con necesidades educativas especiais.

A atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxes, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. No noso centro terase en conta a atención á diversidade nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión e abranguerá á totalidade do alumnado que contará coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais. Rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia participando toda a comunidade educativa.

A intervención educativa na etapa de educación infantil e na etapa de educación primaria centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar respostas ás diferentes características, necesidades, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Realizarase unha detección temperá do alumnado que requira unha necesidade específica de apoio educativo, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas



capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar

No noso centro o alumnado ten diferentes capacidades, intereses e motivacións. Partindo das posibles dificultades con que se poida encontrar o profesorado para dar resposta educativa ás diferentes variables, o Departamento de Orientación, en colaboración co Equipo Directivo, elabora o Plan de Atención á Diversidade que é un documento que concreta todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do noso alumnado, regulado polo Decreto 229/11, do 7 de decembro, polo que se establece a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve dito Decreto.

Por todo iso á hora de atender á diversidade nos basearemos no **Deseño Universal de Aprendizaxe** (DUA) considerando á diversidade no seu sentido máis amplo, presentando opcións personalizables que permiten progresar a todo o alumnado e creando contornas, recursos, dinámicas e ferramentas que poidan ser empregadas polo maior número de alumnos/as posible, asegurando que o currículo é planificado e posto en práctica de tal modo que, non supón un impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias por mor das súas características.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

O obxectivo educativo de que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal e social require, que se lles facilite un proceso de ensino aprendizaxe adecuado e adaptado as súas necesidades, que deberán ser identificadas cunha detección temperá na que participará o profesorado titor, equipo docente, familia e Departamento de Orientación do centro. No caso de que o profesor/a titor/a de calquera nivel da etapa e Educación Infantil ou da etapa de Educación Primaria detecte a un alumno/a cunha posible necesidade educativa: por baixas ou altas capacidades, problemas graves de atención e/ou

conducta, dificultades na aprendizaxe e/ou problemas familiares, entre outras necesidades, informarán, na maior brevidade posible ao Xefe/a do Departamento de Orientación para a súa valoración e así poder intervir o antes posible co dito alumnado.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa partirán da avaliación inicial realizada polo profesor/a titor/a en colaboración co Departamento de Orientación do centro.

Identificadas as necesidades, o Departamento de Orientación do centro, en colaboración co Equipo de Orientación Específico, si é o caso, propoñerá as medidas e recursos necesarios para a prevención e intervención específica e poder dar resposta as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar **necesidade específica de apoio educativo**, segundo ao indicado na Orde do 8 de setembro do 2021:

- **Alumnado que presenta necesidades educativas especiais.**

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- **Alumnado en situación de vulnerabilidade socio educativa e/ou cultura.**

Enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

- **Alumnado con altas capacidades intelectuais.**



O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

Sen prexuízo do anterior, considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

É competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos, a acreditación da alta capacidade intelectual.

▪ **Alumnado con integración tardía ao sistema educativo.**

Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

O centro garantizará que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, o noso centro poñerá en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.



3. OBXECTIVOS

- Identificación e valoración das posibles necesidades educativas do alumnado.
- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado, promovendo o Deseño Universal de Aprendizaxe á hora de atender a realidade das aulas.
- Diseñar pautas de actuación, estratexias e adoptar as medidas adecuadas para dar resposta educativa ás dificultades do alumnado.
- Determinar as intervencións específicas de apoio no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas realizando o seguimento e a avaliación.
- Definir as pautas de intervención do profesorado que realiza os apoios: tanto do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe como do profesorado en xeral.
- Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos adecuándoos á diversidade.
- Favorecer a implicación das familias na educación dos seus fillos/as.
- Favorecer o benestar emocional da nosa comunidade educativa.
- Actualizarse periodicamente en materia de diversidade, especialmente en temas de gran interese e importancia actual como son a saúde mental, o risco suicida e o acoso escolar.

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención educativa á diversidade entendémola como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar e dar resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Noso centro ofrecerá unha resposta que compense as diferenzas individuais de todo o alumnado baseándose nos principios de equidade, igualdade e inclusión.



4.1. Actuacións:

As **actuacións** do noso centro para adecuar a resposta educativa á diversidade serán as seguintes:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas.
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión de centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumno/a no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito de atención á diversidade.
- Impulsar a importancia do benestar emocional, da man dunha coordinadora, como referente en dito ámbito.
- Promover a concienciación e a prevención do acoso escolar, por medio de campañas e obradoiros, entre outros recursos.
- Difundir a importancia da saúde mental entre a comunidade educativa.



- Difundir información e impulsar actividades relacionadas coa prevención do risco suicida e do abuso a menores.

4.2. Medidas:

As medidas de atención á diversidade servirán para proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Haberá unhas medidas preventivas e outras que serán ordinarias e extraordinarias, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

4.3. Medidas preventivas:

- Plan de Acollida:

Todas as actuacións a realizar co alumnado que se incorpora ao noso centro están recollidas no Plan de Acollida (Plan de Convivencia).

- Avaliación Inicial:

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

Considérase fundamental a avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e a cada etapa do ensino obrigatorio. Esa avaliación, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada pola nai, polo pai ou polas persoas titoras legais do alumnado e incluírá, de ser o caso, a información procedente do curso ou da etapa anterior.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.



O departamento de orientación do centro docente asesorará no proceso da avaliación inicial, así como sobre os materiais ou instrumentos que sexan necesarios para a recollida da información.

O profesorado titor, en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado sobre os procedementos para levar a cabo a avaliación inicial e, de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. Igualmente, achegaralles información sobre os resultados desa avaliación e, cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias. Naqueles casos nos que se detecten posibles necesidades educativas, o Departamento de Orientación, en colaboración cos Equipos de Orientación Específicos, se é o caso, realizará unha avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico que quedará recollida no informe psicopedagóxico.

Avaliación psicopedagóxica é o proceso de recollida, análise e valoración da información máis relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos diferentes elementos que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe. Os resultados e as conclusións de dita avaliación reflexaranse nun informe que recollerá:

- a) Datos persoais.
- b) Datos da demanda e motivo da avaliación.
- c) Desenvolvemento xeral da alumna ou do alumno, considerando:
 - 1º. Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social.
 - 2º. Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese.
 - 3º. Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento da alumna ou do alumno.
 - 4º. Historia escolar.
 - 5º. Medidas adoptadas.
 - 6º. Competencia curricular nas distintas áreas ou materias e grao de adquisición das competencias.



- 7º. Ritmo e preferencia de aprendizaxe.
- 8º. Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas.
- 9º. Aspectos de creatividade e iniciativa persoal.
- 10º. Adaptación socioafectiva, autoconcepto e autoestima.
- 11º. Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais.

d) Aspectos relevantes dos procesos de ensino e de aprendizaxe, tendo en conta:

- 1º. Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna ou do alumno.
- 2º. Características do seu grupo-clase.
- 3º. Programas do centro docente en que participa.
- 4º. Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula.
- 5º. Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver.
- 6º. Interaccións da alumna ou do alumno en situacións educativas formais e non formais.
- 7º. As persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación.

e) Identificación, de ser o caso, da necesidade específica de apoio educativo da alumna ou do alumno.

f) Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.

g) Orientacións para a intervención educativa.

h) Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe

A xefatura do departamento de orientación informará o profesorado titor, a alumna ou o alumno, e a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais dos resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, así como da proposta educativa que derive desta.

No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á



dirección do centro docente. O centro docente facilitaralles copia do informe solicitado; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente da alumna ou do alumno.

- Titoría:

Cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor ou titora. A súa actuación deberá estar coordinada co profesorado (equipo docente) que traballe co mesmo grupo de alumnos/as, sen prexuízo da necesaria coordinación co resto do profesorado do nivel, así como co Departamento de Orientación.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado da súa titoría. Manterá unha comunicación permanente coas familias, atendendo á conciliación profesional e familiar, para informar do desenvolvemento do proceso da aprendizaxe e integración socio educativa de seus fillos.

Todo o procedemento e acción titorial a levar a cabo no noso centro está recollida no noso Plan de Acción Titorial.

4.4. Medidas ordinarias:

As medidas ordinarias son todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Estas son:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.**

A elaboración dos horarios do alumnado, a asignación de titorías, o agrupamento do alumnado, a distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

- **Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.**



Definido pola liña metodolóxica e as culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e coas diferentes institucións.

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o estilo pedagóxico, o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

- **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

As liñas metodolóxicas definidas no proxecto educativo, que guiarán a elaboración das programacións didácticas, deben ser o garante da inclusión e dos axustes necesarios á realidade de cada alumna e alumno. Poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a tutoría entre iguais, entre outras que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe.

- **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.**

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de



aprendizaxe que ten comparar o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

As medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

Realizarase un seguimento de ditos apoios, unha vez ao trimestre como mínimo, para valorar si son satisfactorios, si responden aos obxectivos propostos, si son suficientes ou hai que adoptar outro tipo de medida ordinaria ou ben extraordinaria. Dito seguimento e valoración realizarase nunha reunión convocada pola Xefatura de Estudos e na que participarán o profesor/titor, o profesorado que realiza o apoio, o mestre especialista en Pedagogía

Terapéutica, a mestra especialista en Audición e Linguaxe, si procede e o/a Xefe/a do Departamento de Orientación.

Nos criterios para establecer ditos apoios teranse en conta a prioridade nos primeiros cursos de primaria (1º e 2º) e despois seguirase por nivel de maneira ascendente (sempre tendo en conta as necesidades).

Os apoios na etapa de Educación Primaria, realizaranse fundamentalmente nas técnicas instrumentais, priorizando a área de linguas castelá e galego e a área de matemáticas.

Consideramos que para unha mellor atención ao alumnado de cada etapa educativa: infantil e primaria, os apoios deberían impartirse polos especialistas de ditas etapas ou ben polo profesorado que imparte clases nos diferentes niveis destas etapas, sempre que sexa posible. Os apoios deben ter un horario fixo para unha mellor organización na aula ordinaria e de aplicación flexible dentro do grupo, e dicir, o grupiño de alumnos/as que reciben o apoio sexa flexible e aberto.

Os apoios quedarán determinados, ao inicio de cada curso escolar, segundo as necesidades observadas en cada nivel. O Departamento de Orientación realizará unha proposta que presentará a Xefatura de Estudos e a Dirección do centro para súa aprobación e autorización. Dit os apoios quedarán recollidos na concreción que do Plan de Atención á Diversidade hai que realizar ao inicio de cada curso para engadir na PXA.

- **Programas de enriquecemento curricular.**

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos, no contexto da súa función de asesoramento, dará a coñecer ao departamento de orientación pautas sobre programas de



enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

- **Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.**

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



- **Programas de habilidades e competencias sociais.**

As competencias e as habilidades sociais, para os efectos desta orde, representan un conxunto de procesos cognitivos, socio afectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

4.5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As medidas extraordinarias son:

- **Adaptacións curriculares.**

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagógico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Considéranse elementos prescritivos do currículo aqueles que, como tales, recolla a normativa pola que se regula o currículo.

As adaptacións do currículo realizaranse na educación primaria, sen prexuízo das adaptacións que se requiran para a flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado.



As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

Axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

Para a súa **elaboración partírase do currículo de referencia**, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a **familia será informada** desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da **avaliación psicopedagóxica** e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación.

Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A

xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura do anexo II da Orde do 8 de setembro do 2021 e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación



curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación. A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.

O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

▪ **Agrupamentos flexibles.**

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe.



Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria. O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles non suporán a ampliación de unidades do centro docente, por tratarse de agrupamentos temporais de carácter voluntario, nin incremento na dotación de profesorado do centro docente, polo que, de ser o caso, deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia e que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.

- **Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.**

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

A intervención da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica será co alumnado que manifesta unhas necesidades específicas de apoio educativo: as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da



comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Tamén realizará os apoios nos agrupamentos flexibles.

Os apoios realizados pola especialista de Pedagogía Terapéutica serán unha medida extraordinaria unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou ben por resultar estas insuficientes e requirir a intervención da profesora de Pedagogía Terapéutica como apoio e reforzo a ditas medidas.

As intervencións, os apoios e o horario da profesora de Pedagogía Terapéutica serán propostos e deseñados polo Departamento de Orientación (do que forma parte) en colaboración co profesor/a titor/a do alumno/a. As propostas estarán en función das necesidades específicas de apoio detectadas e a valoración das medidas adoptadas. Dita proposta será presentada á Xefatura de Estudos e á Dirección do centro para súa aprobación e autorización respectivamente.

As **intervencións realizaranse dentro da aula ordinaria** atendendo ás necesidades educativas detectadas e valoradas polo Departamento de Orientación, atendendo a principio do Deseño Universal de Aprendizaxe e segundos as indicacións recollidas na lexislación vixente. Ditas intervencións serán comunicadas aos pais e/ou familias.

AUDICIÓN E LINGUAXE

O alumnado con necesidades educativas relacionadas coa comunicación (comprensión e expresión) e a linguaxe oral (estruturación, pronunciación...) recibirá apoio por parte da profesora especialista en Audición e Linguaxe. O alumnado, con posibles dificultades, será valorado pola propia especialista en colaboración coa Xefa do Departamento de Orientación.

A intervención educativa da profesora de Audición e Linguaxe realizarase en educación infantil e prioritariamente no primeiro ciclo de educación primaria, independentemente do alumnado que manifesta unha necesidade específica



de apoio ao longo da educación primaria necesidade que debe estar valorada polo Departamento de Orientación, tamén atenderá ao alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e polo tanto nos agrupamentos flexibles baseados na linguaxe.

A intervención levarase a cabo, ben na aula ordinaria ou ben na aula de audición e linguaxe que ten o centro, en pequenas sesións que quedarán determinadas na avaliación realizada ao alumno con necesidades logopédicas. Ademais destas intervencións individuais ou en pequenos grupos realizarase un obradoiro da linguaxe en 4º, 5º e 6º de educación infantil desde setembro a xuño dunha sesión de duración semanal en cada nivel e dentro da aula ordinaria, sempre que fose posible e houberse dispoñibilidade horaria. As intervencións fóra da aula serán comunicadas aos pais e/ou titores legais.

A intervención e o horario da profesora de Audición e Linguaxe serán propostos e deseñados polo Departamento de Orientación (do que forma parte) en colaboración co profesor/a titor/a do alumno/a. As propostas estarán en función das necesidades específicas de apoio detectadas. Dita proposta será presentada á Xefatura de Estudos e a Dirección do centro para a súa aprobación e autorización respectivamente.

- **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria.**

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por **redución da duración do período de escolarización** para o alumnado con **altas capacidades intelectuais** considéranse as seguintes flexibilizacións:



a) Na etapa de educación infantil: Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais; poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

b) Na etapa de educación primaria: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.

O procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria é o seguinte:

a) Solicitud da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagóxico, en que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo

b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, á cal lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización.



Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

b) Na etapa de educación primaria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa. Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

- **Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.**

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescripción médica, doenza, vulnerabilidade propia ou convíventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo. Estas son:

- Atención educativa domiciliaria
- Atención educativa hospitalaria.

Atendérase ao indicado na Orde de Atención á Diversidade.



- **Programas para as familias.**

Estes programas dirixidos as familias, nais, pais ou titores legais do alumnado. Teñen como obxectivo que reciban información, asesoramento e axuda na súa labor educativa, e que faciliten a comunicación co profesorado potenciando a participación na vida do centro. Ditos programas serán propostos polo Departamento de Orientación coa colaboración do claustro de profesores e presentados á Dirección do centro. Figura no Plan de Convivencia.

Todas estas medidas reflexaranse ao inicio de cada curso escolar nas concrecións anuais do plan de atención á diversidade de acordo as diferentes necesidades detectadas.

4.6. Medidas de atención á diversidade a nivel de centro educativo.

- **No PE e no PADO.**

- Liñas metodolóxicas xerais.
- Marco de referencia para a atención á diversidade.
- A adscrición do alumnado e do profesorado.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de atención á diversidade.
- Liñas xerais de plans para o alumnado que permaneza un ano máis no ciclo.
- Servizo de orientación.

- **Nas programacións docentes.**

- Procedementos e instrumentos de avaliación para a atención á diversidade.
- Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva e para a promoción.
- Actividades de reforzo/ampliación.
- Orientacións pedagóxicas e materiais.

- **Na programación xeral anual.**



- Flexibilización dos horarios.
- Habilitación de espazos.
- Organización do traballo en equipo.
- Organización dos apoios e reforzos.
- Orientacións pedagóxicas e materiais.

4.7. Medidas de atención á diversidade a nivel de aula.

- **Na programación de cada área** contemplando a atención á diversidade:
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Obxectivos didácticos adaptados ao nivel de competencia curricular e orientados á adquisición das competencias.
 - Contidos en función dos obxectivos e priorizando estratexias e procedementos.
 - Criterios de avaliación orientados aos obxectivos previstos.
 - Actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
 - Materiais: variados e diversificados, para distintos niveis, ritmos e intereses, atendendo aos diferentes niveis de desenvolvemento.
 - Na selección e realización das actividades:
 - Dificultade adaptada e progresiva.
 - Con distintos tipos de agrupamento.
 - Empregando diversos espazos e recursos.
 - Favorecendo o uso crítico e responsable das TICs.
 - Buscando a inclusión e a igualdade de oportunidades co resto de compañeiros/as.
 - Na avaliación:
 - Buscando a participación do alumno/a na propia avaliación.
 - Favorecendo o traballo cooperativo que promove obxectivos comúns e diversas formas de avaliación.
 - Establecendo criterios adaptados aos obxectivos previstos e que informen do nivel de dominio das competencias clave.



- Empregando instrumentos e procedementos da avaliación variados e diversos para conseguir a avaliación máis acorde ás necesidades do alumnado (rúbricas, escalas, listas de control, portfolio, anecdotarios, etc.)
- No caso de que se realicen probas escritas: modificando tempos e distribución das probas (descansos, aumentar tempos, facelo en varias sesións, momento do día máis axeitado,...), trocando o entorno da proba (iluminación, acústica, individualmente, mobiliario adaptado, pequeno grupo, ...), e adequar a presentación dos exames (aumentar o espazo entre as preguntas, explicar o enunciado, exames orais, a través do ordenador, escribir os enunciados cunha oración en cada liña, aumento do tamaño da letra, reducir o número de preguntas, subliñar palabras clave, simplificar as instrucións, uso de papel pautado, ...).

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS

Para a organización e distribución dos recursos terase en conta como referentes os principios de igualdade e de inclusión, sendo os criterios prioritarios:

- Atender aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación.
- Atender ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
- Atender ao alumnado que necesita reforzo educativo e aquel que permanece un curso máis no mesmo grupo.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, se así o recomenda o equipo docente do alumno/a e o Equipo de Orientación.
- Buscarase un apoio de calidade fronte o de cantidade.



- Levarase os apoios dentro da aula para favorecer a inclusión do alumnado, deixando os apoios fóra da aula como algo excepcional, tan só, se fora o caso, para traballar aspectos concretos do alumnado NEE.
- O apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e/ou apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica farase coincidir co horario da materia da aula ordinaria obxecto de reforzo.
- Á hora de distribuír a carga horaria da mestra en Pedagogía Terapéutica priorizarase o apoio ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, para atender o antes posible ás necesidades do alumnado.
- Á hora de distribuír a carga horaria da mestra especialista en Audición e Linguaxe priorizarase a rehabilitación de problemas de audición e linguaxe ao alumnado de Educación Infantil por ser nesta etapa onde están formando a súa estruturación da linguaxe, así como o primeiro ciclo de Educación Primaria.

6. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS POLO CENTRO.

As actuacións dos distintos profesionais que poidan intervir nas medidas deseñadas para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo estarán deseñadas polo Departamento de Orientación do centro que as realizará unha vez detectadas e valoradas as necesidades educativas do alumnado.

As actuacións estarán coordinadas pola Xefatura de Estudos tendo en conta as concrecións curriculares e as programacións da aula.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS.

No noso centro todas as medidas, actuacións e intervencións que sexan adoptadas en relación á diversidade estarán coordinadas entre os profesionais que interveñan a través de diferentes reunións nas que se coordinarán e valorarán as actuacións así como a eficacia das medidas adoptadas. Estas reunións serán coordinadas pola Xefatura de Estudos e/ou Departamento de Orientación do centro.



Estableceranse reunións ao inicio do curso escolar e ao final do mesmo entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, especialmente co 1º ciclo de Educación Primaria, para realizar un seguimento do alumnado que cambia de etapa e da metodoloxía empregada para que haxa unha continuidade entre ambas etapas educativas.

Os informes de fin de ciclo e/ou etapa que realice o profesor/a titor/a e os que elabore o Departamento de Orientación sobre o proceso educativo do alumnado que recibiu algunha medida de carácter ordinario e/ou extraordinario por súas necesidades específicas de apoio educativo, formarán parte do proceso de coordinación interno do centro entre os profesionais.

O noso centro coordinará coas familias a súa colaboración na participación das decisións que afecten ao proceso educativo de seus fillos/as, así como en todas aquelas medidas destinadas ao seu desenvolvemento.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

As nais, pais ou titores legais do alumnado recibirán, de forma individualizada a necesaria información e asesoramento respecto ás características e necesidades do alumnado, así como ás medidas que se deberán adoptar para súa atención no centro.

O centro, a través de programas, concienciará ás familias que deberán participar e colaborar co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, implicándoas no proceso educativo de seus fillos: estimulación da motivación e intereses, adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía, desenvolvemento motriz e da linguaxe, relacións interpersoais e de convivencia, hábitos de estudo, autonomía, autoestima, e participación na avaliación inicial do seu fillo/a así como nas posibles avaliacións psicopedagóxicas que se realicen.



O centro establecerá canles de comunicación cos servizos externos ao noso centro como os Servizos Sociais do Concello de Vigo e/ou da Xunta de Galicia, Equipo de Orientación Específico de Pontevedra e todas as institucións oficiais para buscar solucións aos problemas ou necesidades que se detecten no marco escolar e poder axudar á comunidade educativa desde unha perspectiva especializada e interdisciplinaria.

9. PROTOCOLOS PARA SOLICITAR E/OU AUTORIZAR AS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

A demanda de intervención do Departamento de Orientación debe realizarse a través dun documento que a principio do curso escolar será facilitado a todo o profesorado do centro pola xefa de dito Departamento. O protocolo de actuación debe ser o seguinte:

- Comunicación do profesor titor á Dirección do centro ou directamente á Xefa do Departamento de Orientación da necesidade de intervención para unha avaliación do alumno/a.
- Cando é un profesor especialista quen realiza a demanda o comunicará ao profesor titor e este á Xefatura de Estudos e/ou á Xefa do Departamento de Orientación.
- Recibida a demanda a Xefa do Departamento realizará a avaliación psicopedagóxica do alumno/a partindo dos datos facilitados na demanda, análise da historia académica, entrevista coa familia, reunión co profesorado titor, utilización de técnicas e instrumentos de avaliación propios das áreas ou materias implicadas, entrevista co equipo docente de seu grupo e entrevista co profesor titor e todos aqueles aspectos recollidos na Orde de Atención á Diversidade.
- Realizada a avaliación psicopedagóxica, as conclusións derivadas da información obtida recollerase nun informe psicopedagóxico onde constará a situación evolutiva e educativa actual do alumno, a concreción das súas necesidades educativas especiais, se é o caso, a



proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización e o tempo da mesma.

- O informe psicopedagóxico ten carácter confidencial e a súa custodia será do Departamento de Orientación. O contido do mesmo o poderá coñecer, pero garantirán a súa confidencialidade, o profesor titor e a Dirección do Centro cando sexa necesario.
- Para o profesorado e para a historia académica do alumno/a, se redactará un informe coa información máis relevante para a intervención educativa do profesorado implicado no proceso de aprendizaxe do alumno/a. Esta información é confidencial.
- Seguimento do alumno/a a través de reunións co profesor titor e o equipo docente, así como coa familia.
- No caso de que sexa necesaria a intervención do Equipo de Orientación Específico para obter unha valoración máis especializada realizarase a solicitude de intervención por parte do Departamento de Orientación.

Valoradas as necesidades educativas a xefa do Departamento de Orientación realizará a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe a Dirección do centro para a súa autorización.

10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Realizarase un seguimento e unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos neste Plan de Atención á Diversidade, así como dos criterios, actuacións, medidas adoptadas, recursos utilizados e programas elaborados para poder realizar unha valoración e levar a cabo as modificacións e/ou axustes pertinentes e propoñer as propostas de mellora. O seguimento e avaliación realizarase unha vez ao trimestre en reunións convocadas, para tal fin, pola Xefa de Estudos na que participarán todo o profesorado implicado así como o Departamento de Orientación.



Todos os datos do proceso de seguimento e avaliación será recollido nunha memoria ao final de cada curso escolar, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do propio centro.

11. LEXISLACIÓN.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1997, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.



- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.

12. APROBACIÓN

O presente Plan Xeral de Atención á diversidade do alumnado queda aprobado no claustro e posteriormente no Consello Escolar levado a cabo o 31 de xaneiro de 2023, o cal certifico en calidade de directora do centro.

Angela Novoa Blanco

Directora